

MOCIÓN PARA A REPARACIÓN DO PAVIMENTO EN VARIAS PISTAS MUNICIPAIS

O grupo municipal do Bloque Nacionalista Galego (BNG) en San Cristovo de Cea, presenta ó pleno da Corporación a seguinte MOCIÓN:



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Na actualidade múltiples pistas municipais están en mal estado debido á cantidade de fochas que se van producindo co paso do tempo, levantándose a capa superior e dispersando a gravilla. Tamén hai zonas levantadas polo crecemento das raíces dos árbores, que provocan considerables ondulacións. En moitos lugares as cunetas están atuídas, con pedras caídas nelas que presentan risco para o tráfico e axudan a atuir as tubarías.

Dado que o Concello conta con medios propios para tratar de arranxar esta situación, polo menos en parte, ademais das axudas provinciais ou autonómicas que periodicamente se destinan a tal fin, non se entende que permaneza á marxe, sen facer nada. O grupo municipal do BNG considera que non se pode seguir mirando para outro lado nin demorar máis o arranxo de tantas pistas en mal estado. No presente ano non observamos que se fixeran arranxos deste tipo, polo que o deterioro sigue incrementándose.

A día de hoxe tampouco existe un plan municipal para afrontar esta problemática, nin un orde de prioridades que atenda a parámetros obxectivos, senón que o pouco que se veu facendo depende de criterios subxectivos da alcaldía. Hai pistas que levan xa moitos anos sen mantemento.

Algunhas das pistas precisan intervención urxente, como se pón de manifesto nas diversas fotos que se adxuntan, son as seguintes:

1-Tramo Faramontaos - O Tellado, polo que apenas se pode pasar, con fochas profundas e grava dispersa. Anteriormente fora reparado pola brigada municipal, pero volve estar na mesma ou peor situación.

2-Tramo Faramontaos - N525 na Ponte sobre o Barbantiño, que presenta o desgaste típico do pavimento, despois de varios anos sen conservación.

3-Acceso a Eirexa de Mandrás, coa pavimentación levantada e a grava dispersa.

4-Tramo Mandrás - A Ponte, co firme levantado, grava dispersa e diversas fochas incluso no interior do Lugar de A Ponte.

5-Enlace con Amoeiro desde A Ponte, con diversas fochas e ondulacións ata o límite con Amoeiro, marcando claramente a diferenza negativa con respecto ó concello lindante.

6-Entorno da Ponte Mandrás, no lugar onde ten que dar a volta o único medio de transporte público que funciona na zona, con fochas profundas a ambos lados da ponte e grava dispersa. Case intransitable a ambas ladeiras da Ponte.

7-Pista A Pousa-Souto por Peago, que sigue presentando levantamentos de pavimento e fochas en diversos lugares, ondulacións polas raíces de árbores e un badén significativo na ponte sobre do Regato do San Bieito. Esta pista xa foi obxecto dunha moción anterior, pero aínda sigue sin rerparar . No acceso a eirexa de Souto presenta amplias zonas con pavimento levantado e grava dispersa.

8-Pista a Zarza, con levantamentos pronunciados e fochas significativas, sen mantemento algún desde fai moito tempo, practicamente en estado de abandono.



9-Alén (Viduedo), nas inmediacións da N525, co pavimento levantado e a grava dispersa no enlace coa pista que vai cara o interior do lugar.

10- Viduedo - Regueira, con diversas fochas, algunha delas recheadas con pedras que poden provocar accidentes.

11-Enlace con Garabás (Maside) desde Fontaiñas, con fochas en varios puntos.

12-Pista de acceso ós Ferreiros, en estado lamentable, co pavimento levantado desde fai moito tempo, sen que se lle prestara atención algunha.

13-Acceso cara Arbor (Vilamarín) desde Vilaseco, sen tan xiquera pavimentar, con baches profundos sin rechar que imposibilitan a circulación, coas cunetas tupidas desde fai varios anos vertendo as augas sobre da pista e profundizando nas fochancas.

14- Faramontaos de Pereda a Souto, tramo pendente de reparar do ano anterior, con fochas, ondulacións por raíces e cunetas tupidas. Incomprensiblemente iste ano non se incluíu a segunda fase na mesma partida, destinando a inversión a outro lugar.

15- A Lama, con fochas, recheos de pedras e o pavimento en estado desastroso no medio do propio núcleo urbano.

16-Diversas pistas de terra, dependentes do Concello, que levan tempo sin desbrozar, aplanar, nin limpar as cunetas, polo que se imposibilita o tránsito nelas.

PROPOSTA

O Grupo Municipal do BNG propón:

1-Que se elabore un plan municipal, con criterios obxectivos, que ordene as actuación sobre as múltiples pistas e camiños existentes na extensa xeografía do Concello de Cea.

2-Que se atenda de inmediato ós casos máis urxentes utilizando os medios propios dispoñibles, para solucionar a situación ata onde sexa posible, dando preferencia ás vías en mal estado que existen en moitos núcleos urbanos de diferentes lugares.

3-Que axilicen os trámites para conseguir as axudas que podería ter recibido o Concello doutras administracións que destinan medios a tal fin.

San Cristovo de Cea a 26 de setembro de 2017

Asdo: Manuel Pérez Vázquez (voceiro)

SR. ALCALDE DE SAN CRISTOVO DE CEA

